



monólogos R

Cos populares monologuistas Oswaldo Digón e David Amor volve o evento mítico do operador galego, que acumula xa 18 anos de historia.

Os monólogos R regresan a Vigo e á Coruña con “In-Certo” de Oswaldo Digón e “*Love* está no aire” de David Amor

- *Os monólogos R de 2026 celebran a súa 18ª edición coas historias de dous dos monologuistas máis populares de Galicia: o lugués Oswaldo Digón e o pontevedrés David Amor.*
- *Ambos os humoristas chegan o venres 6 ao auditorio “Mar de Vigo” e o día 13 a Palexco, na Coruña, cos seus relatos e anécdotas sobre as inxuedanzas dos nosos días, o tsunami tecnolóxico, as ‘fake news’, a grella televisiva ou historias cotiás nun aeroporto.*
- *R leva dende 2008 apostando polo humor “do país” para achegarse de xeito diferente aos seus clientes/as e á poboación de Galicia coa fórmula dos monólogos R, o evento máis emblemático do operador galego.*

Xoves, 5 de febreiro de 2026. - Desta volta serán Oswaldo Digón e David Amor quen suban este venres ao escenario do Auditorio “Mar de Vigo” e, nuns días, ao do Pazo de Exposicións e Congresos da Coruña (Palexco) con relatos vitais e moitas anécdotas que prometen desatar as gargalladas dun público incondicional. O pano dos **monólogos R** alzarase de novo mañá ás 21:00 h no espazo vigués co evento máis reclamado do operador galego; un espectáculo que, dende hai 18 anos, conducido por actores e actrices moi populares, fixo rir a milleiros de persoas das catro provincias galegas. Os monólogos R ofrecerán de novo humor “do país”, desta volta con Digón e Amor, dous monologuistas de traxectoria moi destacada no panorama do humor en Galicia.

Fake news, tecnoloxía, aeroportos... e a vida mesma

En **In-Certo**, Oswaldo Digón conversará co público e deterase nesas cousiñas pequenas —ou non tanto— que todas e todos afrontamos nun día calquera. As que nos converten, dalgunha maneira, en heroes e en heroínas da nosa propia vida. O monologuista lugués falará con humor, liberdade e unha posta en escena moi coidada do espírito da nosa época: o tsunami da tecnoloxía que chega de súpeto, as noticias falsas e os boatos (*fake news*), as nosas preocupacións cotiás...

E farao, coma sempre, co seu estilo propio de cómico de “stand-up”, o que conecta co público interactuando directamente, compartindo observacións e chistes sobre a vida para provocar risas a golpe de autenticidade, ritmo, linguaxe corporal e escritura enxeñosa. Ademais, Digón rescatará os seus dotes de improvisador teatral para contar historias diferentes que converten os seus espectáculos en únicos e irrepetibles.

‘Love’ está no aire

O pontevedrés David Amor segue facendo honra ao seu apelido artístico e regresa a Vigo con **‘Love’ está no aire**, o espectáculo ‘máis sincero do mundo’, porque conta historias reais do humorista (non inventadas), o que seguramente lle confirmará mañá ao público dos monólogos **R**.

“O pontevedrés coas mans máis grandes” (e isto tamén é certo) falará das súas novas inquiredanzas e deterase nunha das súas últimas paixóns: os aeroportos. Por iso preguntárase, entre outras cousas, por que a xente pasa sede mentres espera a chegada do seu voo. Tamén fará un percorrido pola grella televisiva sen tocar o mando e explicará os motivos polos cales David Amor nunca poderá ser Rafa Nadal.

O obxectivo, coma sempre, relatar, parodiar, reflexionar e cuestionalo todo para facer pasar unha tarde de diversión á audiencia dos **monólogos R**. Nesta nova edición haberá, ademais, algunha **novidade inesperada** que probablemente collerá desprevido o público. E ata aquí pódese ler.



Humor “do país” de norte a sur

Após recalaren en Vigo, Digón e Amor levarán os seus espectáculos ao auditorio do Palexco, na Coruña, o vindeiro 13 de febreiro, onde as/os asistentes poderán divertirse tamén a partir das 21:00 h coas ocorrencias de ambos os dous actores galegos no marco dos **monólogos R**.

A capacidade é limitada e para acudir é preciso contar con algún dos convites de **R** para clientes/as ou cos conseguidos nos concursos das redes sociais.

53.500 asistentes, 30 localidades e monologuistas da terra

Os **monólogos R** organízanse, xa na orixe, pensando especialmente nos/as clientes/as do operador galego cun formato definido (relato dunha única persoa en voz alta) que **R** leva escollendo dende 2008 para manterse preto da súa xente. É unha aposta polo talento do país, polo enxeño e polo humor, unha das maneiras máis rápidas e eficaces de acurtar distancias entre as persoas. E van xa 18 anos que falan de éxitos totais nas convocatorias destes espectáculos onde hai aseguradas risas e máis.

Ata agora, en formato presencial, preto de **53.500 persoas** asistiron aos **monólogos R**, con espectáculos non só nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol), senón tamén noutras moitas localidades da comunidade, como Viveiro, Vilalba, Ordes, Xinzo da Limia, Sarria, O Carballiño, Carballo, Ribadeo, Verín, Lalín, A Estrada, Melide, Noia, Allariz, As Pontes de García Rodríguez, O Barco de Valdeorras, Ponteceso (O Couto), Porriño, Cee, Boiro... Ata unha trintena de concellos visitados.

Todo iso, con talento galego: polos **monólogos R** pasaron actores, humoristas e monologuistas do territorio tan populares coma Isi, Rober Bodegas, Marcos Pereiro, Federico Pérez (Fede), Javier Veiga, Víctor Grande, David Perdomo, Marita Martínez, Celso Sanmartín, Lucía Veiga, Marta Doviro, Carlos Blanco, Pepo Suevos, Xosé A. Touriñán, David Amor e Oswaldo Digón (os dous últimos na presente edición e en anteriores).

monólogos R

Sobre Oswaldo Digón

Oswaldo Digón (Cervantes – Lugo, 1975) é actor de teatro, monologuista e guionista. Estudou teatro na academia ‘Casa Hamlet’, improvisación teatral con ImproMadrid e interpretación coa produtora audiovisual ‘La Tuerka 27’. Traballou como actor no teatro en compañías como ‘Espello Cóncavo’, ‘Teatro da Bufarda’ e ‘Valacar’. Fóra de Galicia, participou como cómico secundario no espectáculo ‘Las noches del Club de la Comedia’ no Teatro Rialto (Madrid) e Teatro Condal (Barcelona). Foi responsable do guión e interpretación dos monólogos de comedia “Diálogos en 3D” (catro tempadas na carteleira no Teatro Villarroel de Barcelona) e “Gente triste” (dúas tempadas no Teatro Muñoz Seca de Madrid). Oswaldo destaca como actor e director de improvisación teatral en “Os Duguis Impro” e no espectáculo “Coleccionistas”. Recentemente salienta a súa participación en “Carbón”, xunto a Xurxo Mariño e “Ansia Viva”, con Luis Tinaquero. Na televisión, participou como actor nos programas “Malo Será!” e como guionista na “Casa da conеха”, “Tourilandia”, “Malo será!” e “Malicia noticias”.

Sobre David Amor

David López Veleiro (Salceda de Caselas – Pontevedra, 1980), coñecido polo nome artístico de David Amor, é actor, humorista e presentador de televisión. Este xogador de balonmán atopouse coa comedia por casualidade tras presentarse ao ‘casting’ para “O rei da comedia” da TVG. Collérono para o programa e, paralelamente, comezou a facer monólogos polos bares. Na televisión galega traballa en programas como “Supermartes”, “A terra dos prodixios”, “O programón” e no seu propio ‘late night’, “Con Amor e Compañía”, e en series como “Mareas vivas”, “4º sen ascensor” ou “Pataghorobí”. No ámbito estatal, participa en “El Club del Chiste” e en “El Club de la Comedia”, así como na serie “Gym Tony”. Xa sobre os escenarios, colleita un grande éxito con Leo Harlem co espectáculo de monólogos “Pasa a tomar un café”. Tamén participa na obra de teatro de “Amigos ata a morte”, dirixida por Javier Veiga, e forma parte do elenco do filme homónimo que se estreou en 2023. Continúa xirando por España cos espectáculos “Fuera de sitio” e “Selfie”.

comunicación R

prensa@mondo-r.net

R.gal